

## Os naufraxios de Tenerife.

No sur de Tenerife, a ambos lados dese espello que é o mar, písase malpaís, unha paisaxe de ríos de lava solidificada, que naceron en terra e desembocaron baixo do mar. O mesmo fará a neve; esoutra esquina do ciclo da auga que aquí, no cumio do Teide, búscase co lume sin se atopar. Pero as brumas e as aristas cortantes do malpaís poden ser trampas mortais para os barcos que navegan ao sur da illa de Tenerife.

O Condesito caeu nesa trampa. Navegaba en xaneiro de 1972, din algúns, ou a finais de 1971, segundo outros, cargado de cemento. Puido ter lugar unha treboada, ou demasiado alcohol a bordo, suxiren outros; se cadra ambas cousas. Fose como fose, todos os tripulantes sairon ben parados, pero o buque e a súa carga quedaron para sempre no fondo do mar, a uns 20 metros da superficie, transitado agora por outros vixiantes.

Namentres algunhas superficies naturais permanecen despoboadas, nos enferruxados restos do Condesito atopan o seu hábitat decenas de especies epífitas. Pero na intrincada rede trófica os organismos non quedan illados, senón relacionados con outros que buscan comida e refuxio, como esta tartaruga verde.

Non é a única visitante dos pecios da zona; nin a vida é sempre tan prácida. Namentres que os seus machos son grises, as vivas cores das femias de peixes loro, que en Canarias chaman viejas, non as deixan pasar desapercibidas entre os ferros do pecio. Un espacio que se reparten as doncelas, roncadores, “viejas” e romeros... e moitos máis.

Comparten este inesperado hábitat con aparente tranquilidade, aínda que antes ou despois lanzarán as súas dentelladas. Así o farán os serranos imperiais, tamén denominados cabrillas; e o milano, a aguia de mar, cos seus potentes dentes esmagadores.

Todos observan cómo dúas “viejas” se enfrontan polo territorio. A mesma boca, con dentes soldados semellantes ao bico dunha ave, serve para devorar presas e, tamén, para amedrentar a un conxénere impertinente que pretende usurpar o lugar xerárquico no grupo.

Outro peixe que comparte os estreitos espacios entre os ferros do navío é o tamboril.

Tamén o peixe trompeta percorre ocos e explora a luz e as sombras do pecio. Todos eses peixes deambulan por un espacio que xa non é novo.

Se algunha vez foi un obxecto extraño, agora xa forma parte da paisaxe submarina; xa é a propia paisaxe. Mineral, ao fin e ao cabo, como a area e as rochas. Superficie sobre a que poden medrar algas e animais. Un chanzo da pirámide escalonada na que a materia e anexía van pasando dun nivel ao seguinte.

Nos escalóns superiores desa pirámide, a morea non perde detalle de canto acontece arredor deses ocos que un día foron máquinas, mamparos, quillas, pañois e ollos de boi. Tamén a faneca brava está atenta.

Namentres, a ingrátida pesadez da tartaruga ábrese paso entre castañetas e sargos.

Sobre o que algunha vez foi un barco.